



CONCELLO DE IRIXOA (A CORUÑA)

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA Nº 7/2021 DO PLENO REALIZADA O DÍA 22-12-2021 (PRESENCIAL)

Na biblioteca municipal do Concello de Irixoa (A Coruña), sendo as trece horas e sete minutos do día vinte e dous de decembro de dous mil vinte e un reúnense, en primeira convocatoria, os membros do Pleno da corporación relacionados seguidamente, presididos polo alcalde e asistidos do secretario titular, Alejandro Alonso Figueroa, que dou fe do acto. O sr. Otero incorpórase á sesión no momento indicado no punto 2.

ASISTENTES

Alcalde: Antonio Deibe Sanmartín (PP)
Concelleiros: Lucía Abeal Fuentes (PP)
Sergio Nicolás Boado Seoane (BNG)
María José Cal Álvarez (PSdeG-PSOE)
Ramón José Dopico Martínez (PP)
Juan Manuel Freire Golpe (PP)
José Otero López (PP)
Remigio Pérez Bao (PP)
José Ángel Roca Díaz (PP)

AUSENTES

Ningún

A sesión é aberta pola Presidencia ao obxecto de proceder ao exame, debate e votación dos asuntos da seguinte

ORDE DO DÍA

1. APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DO 29-9-2021. Pola Presidencia preguntase se algún membro desexa formular algunha observación ou proposta de rectificación á redacción da acta da sesión anterior.

Por parte da sra. Cal (PSdeG-PSOE) indícase que vai aprobar a acta, pero insiste na necesidade de rectificación da acta do Pleno do 30-12-2020, considerando que non é correcto exixir unha petición escrita para formalizar unha modificación da redacción das actas.

Por parte do sr. Boado (BNG) indícanse varias correccións a efectuar:

- no punto 2 da moción do PP sobre a protección do lobo na súa intervención deberá dicir “sabemos que hai lobos”, en substitución do incorrecto sabemos os lobos que hai.
- no punto 5 da moción do PP sobre cobertura do persoal médico na atención primaria, incluíronse 2 intervencións erradas, copiadas do 3, que son as do sr. Dopico (PP) e o sr. Roca (PP), polo que deben ser eliminadas.

Non se formulan máis alegacións de rectificación ou modificación.

Sometido o asunto a votación ordinaria, por unanimidade de 8 votos favorables, queda aprobada a acta da sesión extraordinaria de 29-9-2021, coas correccións indicadas nos puntos 2 e 5.



CONCELLO DE IRIXOA (A CORUÑA)

2. ORZAMENTO 2022: ESTADOS ECONÓMICOS, BASES E PERSOAL. Dáse conta do expediente tramitado para a aprobación do orzamento desta entidade, formado para o exercicio do 2.022 pola Alcaldía; concretamente dáse conta da relación dos ingresos previstos e dos gastos permitidos, das bases específicas, do ámbito do persoal e do informe favorable de secretaria-intervención; mantéñense en liñas xerais as previsións dos orzamentos anteriores, con leves modificacións; inclúense POS+, POS+ Adicional 1/2022 e PIL. Durante esta presentación, sendo as 13:11 horas, incorpórase o sr. Otero á sesión.

Prodúcese un breve debate sobre algúns dos aspectos previstos no orzamento. Indica o sr. alcalde (PP) que vai prevista unha aportación á obra de ampliación do saneamento na parroquia de Irixoa, en convenio con Augas de Galicia, que trastornou o proceso de elaboración do orzamento, xa que desequilibraba gastos e ingresos, polo que se decidiu destinar toda a achega do 2022 do POS+ a gasto corrente.

Tras o debate sométese a votación ordinaria o asunto, resultando aprobado por maioría absoluta de 7 votos a favor, 0 votos en contra e 2 abstencións (sr. Boado e sra. Cal), o seguinte **acordo**:

1. Considerando que na tramitación do expediente cumpríronse os requisitos establecidos pola lexislación vixente e contén os documentos preceptivos pola normativa aplicable (R.D. Lexislativo 2/2004 e R.D. 500/1990), apróbase inicialmente o orzamento desta entidade para o exercicio do 2022, cunha contía equilibrada en gastos e ingresos de UN MILLÓN CATROCENTOS OITENTA E CINCO MIL OITOCENTOS (1.485.800) euros. O desglose por capítulos será o seguinte:

<u>Capítulo</u>	<u>Denominación</u>	<u>Euros</u>
<u>ESTADO DE GASTOS</u>		
OPERACIÓNS CORRENTES		
1	Gastos de persoal.....	668.164
2	Gastos en bens correntes e servizos.....	552.325
3	Gastos financeiros.....	1.500
4	Transferencias correntes.....	40.500
OPERACIÓNS DE CAPITAL		
6	Investimentos reais.....	161.311
7	<u>Transferencias de capital.....</u>	<u>62.000</u>
SUMA TOTAL DE GASTOS.....		1. 485.800
<u>ESTADO DE INGRESOS</u>		
OPERACIÓNS CORRENTES		
1	Impostos directos.....	263.000
2	Impostos indirectos.....	7.000
3	Taxas e outros ingresos.....	141.460
4	Transferencias correntes.....	945.945
5	Ingresos patrimoniais.....	100
OPERACIÓNS DE CAPITAL		
7	<u>Transferencias de capital.....</u>	<u>128.295</u>
SUMA TOTAL DE INGRESOS.....		1. 485.800

2. Apróbanse igualmente as bases de execución específicas do orzamento do 2022, que complementan ás bases xerais aprobadas por acordos plenarios de 19-1-94 e 20-4-94, coas adaptacións



CONCELLO DE IRIXOA (A CORUÑA)

precisas á lexislación vixente; as bases de execución específicas son similares ás aprobadas no orzamento do 2021, agás na rebaixa dalgunhas subvencións nominativas.

3. Apróbase o plantel de persoal, tanto de carácter funcionario como laboral, co correspondente anexo de persoal. As retribucións do persoal van calculadas co incremento do 2,0% sobre as do ano 2021 (considerando 14 pagas). O resumo do anexo de persoal é o seguinte:

PERSOAL FUNCIONARIO			
Denominación posto	Grupo	Compl. destino	Situación
1. Habilitación Estatal Secretaría-Intervención-Tesourería	A-1/A-2	28	Propiedade
2. Escala de Administración Xeral Administrativo-xefe negociado	C-1	22	Propiedade
Alguacil-Porteira	A-P	11	Vacante - amortización dotación económica
3. Escala de Admnción. Especial Traballador social	A-2	24	Propiedade

Nº	Denominación	Observacións
PERSOAL LABORAL FIXO		
1	auxiliar adva-operadora informática	Secretaría Xulgado de Paz
1	limpadora de inmobles municipais (6 horas/día).	Vacante, contratado a empresa
1	oficial 1ª advo.-informático	
4	auxiliares de axuda no fogar	
1	operario de servizos varios	
PERSOAL LABORAL TEMPORAL		
1	técnica deportiva municipal	
1	bibliotecaria, informadora xuvenil e cultura	
1	orientadora laboral	subvención autonómica
1	Educadora social	Subvención provincial
1	Auxiliar de servizos sociais	Subvención provincial
4	oficiais 1ª tractoristas POS+ 2022	6 meses (30 horas)
2	oficiais 1ª albanel POS+ 2022	6 meses (30 horas)
6	Peóns PIL-REACTIVA 2022	6 meses (30 horas)
2	auxiliar SAF (servizos sociais)	6 meses (vacacións e reforzos)
=	substitucións por suplencias e incidencias	variable

PERSOAL DIRECTIVO		
Alcaldía	dedicación exclusiva	8 horas diarias
Concellería de obras e servizos	dedicación parcial	6 horas diarias

En relación ás novas contratacións de persoal laboral temporal, considérase que as mesmas son indispensables para un mínimo mantemento dos servizos esenciais, como vías rodadas, servizos sociais e ciclo hídrico, co obxecto de garantir a seguridade, sanidade e benestar dos seus diversos usuarios; prescindir de ditas contratacións ocasionaría un grave prexuízo a ditos usuarios e, nalgún caso, ao propio concello por vía de reclamacións administrativas e xudiciais pola responsabilidade administrativa derivada dos posibles danos a terceiros.



CONCELLO DE IRIXOA (A CORUÑA)

4. Exponse ao público o citado expediente polo prazo de quince (15) días hábiles, a efectos de reclamacións, conforme ao art. 169.1 do R.D. Legislativo 2/2004.

5. No suposto de non presentarse reclamacións contra o presente acordo, considerarase definitivamente aprobado o expediente, debendo de cumprirse o trámite da súa publicación no BOP (resumo por capítulos e plantel de persoal, tal e como dispón o art. 127 do R.D. Legislativo 781/1986 e o art. 169.3 do R.D. Legislativo 2/2004).

6. Unha vez aprobado definitivamente o orzamento remitirase copia do mesmo á Administración do Estado e á Xunta de Galicia, tal e como establece o art. 169.4 do R.D. Legislativo 2/2004.

Rematado o presente asunto, por motivos de parentesco co recorrente, abandona temporalmente a sesión a sra. Cal.

3. DEFENSA XURÍDICA NO RECURSO CONTENCIOSO DO P.A. 252/2021 DO XULGADO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 4 DA CORUÑA: JOSÉ MARTÍN ESPIÑEIRA CAL.

Fernando Barro Sabín, avogado e representante de José Martín Espiñeira Cal, presentou recurso que foi admitido a trámite como o P.A. 252/2021 no Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 4 da Coruña, contra a desestimación por silencio administrativo negativo do recurso de reposición interposto en dada 12/08/2021 contra o acordo plenario do 23/06/2021, polo que se procede á aprobación definitiva da desafectación e permuta dun camiño no Cerro (Churío) a favor de Pedro Varela Otero.

VISTO o artigo 22.2.j) da Lei 7/1985, de 2 abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

Tras o debate sométese o asunto a votación ordinaria, resultando aprobado, por unanimidade de 8 votos favorables, o seguinte **acordo**:

1º. Remitir o expediente solicitado polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 4 da Coruña no P.A. 252/2021 do recurso interposto por José Martín Espiñeira Cal, relativo á aprobación definitiva de desafectación de camiño en Cerro (Churío), por acordo plenario do 23-6-2021.

2º. Personarse o concello no procedemento citado perante o Xulgado Contencioso-Administrativo nº 4 da Coruña, exercitando este concello a súa defensa como parte demandada, encomendando tal defensa e representación á letrada LUCÍA ROMAY ROLDÁN, ou calquera outro letrado adscrito ao seu despacho; confirmase a vixencia do poder para preitos realizado en favor de dita letrada, ratificado por acordo da Xunta de Goberno Local de 30-1-2020.

3º. Pola Alcaldía levaranse a cabo cantos actos sexan necesarios na defensa municipal deste asunto.

4º. Notificar o presente acordo e emprazar a Pedro Varela Otero, como interesado directo no expediente, para que teña coñecemento deste recurso e poida personarse como demandado ante o xulgado citado, dentro do prazo de nove días.

5º. Comunicar a presente designación á letrada mencionada, así como facilitarlle cantos antecedentes e documentos sexan necesarios para os fins indicados.

Rematado o asunto reincorpórase á sesión, sendo as 13:28 horas, a sra. Cal.



CONCELLO DE IRIXOA (A CORUÑA)

4. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR DE APOIO ÁS FORZAS E CORPOS DE SEGURIDADE E DE NON MODIFICACIÓN DA LEI DE SEGURIDADE CIDADÁN. Por parte do sr. Deibe (PP) procédese á defensa da moción, reproducindo os argumentos expostos na súa exposición de motivos.

A sra. Cal (PSdeG-PSOE) anuncia a súa postura contraria á moción.

Dado que a moción ven redactada en idioma castelán, sendo dirixido o acordo ao Goberno nacional, non se procede á tradución para a acta.

Tras un breve debate sométese o asunto a votación ordinaria, resultando aprobada, por maioría absoluta de 7 votos favorables e 2 votos contrarios (sr. Boado e sra. Cal), a seguinte **moción**:

MOCIÓN QUE PRESENTA EL GRUPO MUNICIPAL POPULAR DEL AYUNTAMIENTO DE IRIXOA PARA MOSTRAR EL APOYO SIN FISURAS A LAS FUERZAS Y CUERPOS DE SEGURIDAD Y PARA EXIGIR AL GOBIERNO DE ESPAÑA QUE NO MODIFIQUE LA LEY DE SEGURIDAD CIUDADANA

El Grupo Municipal Popular en el Ayuntamiento de Irixoa conforme a lo previsto en el Reglamento de Organización, Funcionamiento y Régimen Jurídico de las Entidades Locales, eleva al Pleno la siguiente Propuesta de Acuerdo/Moción:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

La Ley Orgánica 4/2015, de 30 de marzo, de protección de la seguridad ciudadana fue aprobada durante la X Legislatura por iniciativa del Gobierno del Partido Popular cumple con una finalidad esencial para el conjunto de los españoles: crear un marco jurídico adecuado para proteger la seguridad ciudadana y garantizar el libre ejercicio de derechos y libertades.

El Gobierno PSOE - Unidas Podemos ha acordado derogarla introduciendo enmiendas, en el trámite correspondiente, a la Proposición de Ley sobre modificación de dicha Ley de Seguridad Ciudadana que ha presentado el Grupo vasco del Congreso de los Diputados.

La actual Ley de Seguridad Ciudadana fue consecuencia de una reforma necesaria, conveniente y oportuna que dio respuesta a una demanda de amplios sectores de la sociedad y, en concreto, de las Fuerzas y Cuerpos de Seguridad.

España contaba entonces con una ley del año 1992 que tras 23 años estaba desbordada, reinterpretada y necesitaba una revisión por varios motivos, como las exigencias sociales que reclamaban mejor protección de las libertades, la necesidad de ofrecer una respuesta apropiada a ciertos actos que quedaban impunes o la necesidad de una mejor cobertura y seguridad para nuestras Fuerzas y Cuerpos de Seguridad. Con ella se apostó por dar mayor protección al derecho a la reunión y manifestación pacífica y sancionar mejor y de forma más proporcional.

De la misma manera, y esto es muy importante, la Ley 4/2015 surgió fundamentalmente porque tras la modificación del antiguo Código Penal de 1995, habían quedado suprimidas las faltas, que pasaron a ser «infracciones administrativas» o «delitos leves».

Ello significó que muchos comportamientos, que antes de la reforma del Código Penal estaban contempladas como faltas con su correspondiente sanción, pasaron a serlo solo en el ámbito administrativo.

Con su aprobación, en modo alguno se restringieron los derechos de reunión, manifestación y huelga, ni otorgó a la policía un poder excesivo, sino que creó un marco adecuado para el trabajo de las Fuerzas y Cuerpos de Seguridad.



CONCELLO DE IRIXOA (A CORUÑA)

Desde su aprobación la Ley de Seguridad Ciudadana se reveló como uno de los instrumentos fundamentales con los que cuentan nuestras Fuerzas y Cuerpos de Seguridad para hacer frente a la amenaza terrorista, por lo que su derogación o modificación sustancial dará oxígeno a esa amenaza, lo que nos hará más débiles frente al terror.

Su aplicación no generó las graves consecuencias pronosticadas entonces por sus detractores, ninguna de esas negras predicciones se ha cumplido, al contrario, se ha demostrado como una buena Ley.

La aplicación de la Ley ha sido fundamental para la puesta en marcha de medidas de control para evitar la extensión de la pandemia del Covid y de hecho, ha sido utilizada de forma habitual por el actual Gobierno. Los ataques a esta Ley han estado basados en criterios puramente de desgaste político, con argumentos de manual partidista.

La Ley de Seguridad Ciudadana es plenamente constitucional y así lo confirmó la Sentencia de 19 de noviembre de 2020 del Tribunal Constitucional, que rechazó con contundencia los argumentos jurídicos que entonces planteó la oposición.

Por lo expuesto, el Grupo Municipal Popular en el Ayuntamiento de Irixoa presenta la siguiente:

PROPUESTA DE ACUERDO

El Ayuntamiento de Irixoa en representación del pueblo de Irixoa, manifiesta su apoyo sin fisuras a la labor de las Fuerzas y Cuerpos de Seguridad del Estado, y por ello insta al Gobierno de España a:

PRIMERO- Defender el mantenimiento de su dignidad, intimidad y el principio de autoridad que la actual legislación les asegura, y que las FCSE dispongan de los medios materiales adecuados para el desempeño de su labor.

SEGUNDO- Solicitar la retirada de cualquier iniciativa de modificación la Ley de Seguridad Ciudadana en los términos anunciados.

5. PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN Á OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL POS+ 2022. Dáse conta da circular da Deputación de A Coruña, sobre das bases reguladoras do Plan Provincial de Cooperación ás Obras e Servizos de Competencia Municipal (Plan único de Concellos POS+ 2022). O importe efectivo do plan é de 248.365,14 €, xa que non se participa do préstamo provincial asignado (9.305,40 €), debido aos problemas que provoca na estabilidade orzamentaria municipal. O importe efectivo rebaixa a asignación do POS+ 2021.

O sr. Deibe (PP) amplía a presentación xustificando cada proxecto das obras incluídas e engadindo que hai un proxecto máis, relativo aos viais de Currás e de Manide, que serán acometidos con financiamento municipal.

Tras un breve debate sométese o asunto a votación ordinaria, resultando aprobado, por unanimidade de 9 votos favorables, o seguinte **acordo**:

1. Participar no **Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ 2022”** da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega e o préstamo provincial asignados aos obxectos que se indican a continuación, separando os que se financian con cargo a “achega provincial 2022”, “achega provincial 2021” e “préstamo provincial 2022”:



CONCELLO DE IRIXOA (A CORUÑA)

A) Financiamento de gastos correntes que se devenguen no exercicio 2022:

	Deputación
Achega provincial 2022 aplicada ao financiamento de gastos correntes	124.072,04
Achega provincial 2021 (Excepción da Base 2.1 final)	0,00
Subtotal gasto corrente	124.072,04

B) Financiamento de investimentos:

ACHEGA PROVINCIAL 2022	FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO				
	Denominación da obra ou subministración	Deputación	Concello		
Achega municipal			IVE sopor- tado dedu- cible (só abaste- cem. auga potable)	Total Con- cello	
XXXXXXXXXXXXXXXXXXXX	XXXXXX	XXXXXX	XXXXXXXXXX	XXXXXXX	XXXXXXX
XXXXXXXXXXXXXXXXXXXX	XXXXXX	XXXXXX	XXXXXXXXXX	XXXXXXX	XXXXXXX
Subtotal investimentos achega provincial 2022	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00

ACHEGA PROVINCIAL 2021 (Investimentos financeira- mente sostibles)	FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO				
	Denominación da obra ou subministración	Deputación	Concello		
Achega municipal			IVE sopor- tado dedu- cible (só abaste- cem. auga potable)	Total Conce- llo	
Mejora de firme viales en Es- cañoi	42.479,73 €	900,00 €	0,00 €	900,00 €	43.379,73 €
Mejora de vial Casalderrique y otros	81.813,37 €	1.158,30 €	0,00 €	1.158,30 €	82.971,67 €
Subtotal investimentos achega provincial 2021	124.293,10 €	2.058,30 €	0,00 €	2.058,30 €	126.351,40 €

Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións que se relacionan nestas táboas.

C) Redución de débeda con entidades financeiras:



CONCELLO DE IRIXOA (A CORUÑA)

Entidade financeira	PRÉSTAMO PROVINCIAL 2022 aplicado á redución da débeda
XXXXXXXXXXXXXXXXXX	XXXXXXXXXX
XXXXXXXXXXXXXXXXXX	XXXXXXXXXX
Subtotal redución de débeda con entidades financeiras	0,00

D Resumo:

POS+ 2022 RESUMO DE FINANCIAMENTO		Deputación	Concello			Orzamento Total
			Concello	IVE Soportado deducible (só abastecem. auga potable)	Total concello	
A- GASTOS CORRENTES	Achega 2022	124.072,04				124.072,04
	Achega 2021 (Excep. Base 2.1)	0,00				0,00
B- INVESTIMENTOS	Achega 2022	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
	Achega 2021	124.293,10 €	2.058,30 €	0,00 €	2.058,30 €	126.351,40
C- REDUCCIÓN DÉBENDA	Préstamo 2022	0,00				0,00
TOTAL	Achega 2022	124.072,04	0,00	0,00	0,00	124.072,04
	Achega 2021	124.293,10 €	2.058,30 €	0,00 €	2.058,30 €	126.351,40
	Préstamo 2022	0,00				0,00
	TOTAL	248.365,14	2.058,30 €	0,00 €	2.058,30 €	250.423,44

2.- Aprobar o Plan Complementario do ano 2022 no que se inclúen os investimentos financeiramente sostibles que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos ou pregos de prescricións técnicas:

Denominación dos investimentos financeiramente sostibles (mínimo do 50% do total de achega e préstamo provincial asignado)	Orzamento contrata (encher só esta columna se non hai actuacións de abastecemento auga potable) (A)	IVE soportado deducible (encher ademais esta columna se hai actuacións de abastecemento auga potable) (B)	Orzamento subvencionable (encher esta columna se se encheo a columna B por actuacións de abastecemento) (C= A-B)
Mejora de firme viales en Bóveda y otros	80.930,55	XXXXXXXXXX	XXXXXXXXXX
Mejora de firme en vial en Carracedo y Gulfar	71.367,47	XXXXXXXXXX	XXXXXXXXXX
Mejora de firme en vial de Cuesta de San	60.617,29	XXXXXXXXXX	XXXXXXXXXX



CONCELLO DE IRIXOA (A CORUÑA)

Simón y otros			
Ensanche y mejora camino público Arufe-Churío	30.588,72	XXXXXXXX	XXXXXXXX
TOTAIS	243.504,03 (94,50%)	XXXXXXXX	XXXXXXXX

3.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias, agás no relativo aos seguintes proxectos:

- Ensanche y mejora camino público Arufe- Churío, cun expediente expropiatorio en trámite para obter os terreos das 4 parcelas que faltan por ceder.
- Mejora de vial Casalderrique y otros, onde é necesaria autorización da Xunta de Galicia por conectar coa estrada autonómica AC-151.

4.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal do 2022 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos no POS+2022 Base, se a houbera.

5.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada coa participación do concello no Plan.

6.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

7.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

8.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

6. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR DE DEFENSA E DINAMIZACIÓN DO SECTOR LÁCTEO GALEGO. Por parte do sr. Deibe (PP) procédese á defensa da moción, reproducindo os argumentos expostos na súa exposición de motivos; considera que o sector lácteo é fundamental na economía deste concello.

A sra. Cal (PSdeG-PSOE) presenta de viva voz unha emenda á moción, xa que considera necesario substituír varios parágrafos do acordo.

Emenda que presenta o Grupo Municipal Socialista de Irixoa á Moción presentada polo Grupo Municipal Popular de Irixoa de A Coruña EN APOIO DO SECTOR LÁCTEO

Proponse suprimir da PROPOSTA DE ACORDOS o apartado nº 1 íntegro, e substituílo por un novo apartado co seguinte texto:

1. O Concello de Irixoa insta á Xunta de Galicia a que :

a. Tome medidas para paliar o diferencial de prezo en orixe do leite respecto doutros territorios (Asturias — 3€/100 litros, Media estatal 1)1€/100 litros).



CONCELLO DE IRIXOA (A CORUÑA)

- b. Convoque con carácter de urxencia axudas dirixidas ás explotacións de vacún de leite que lles permitan a súa continuidade neste contexto de forte incremento dos custos de produción e mentres non se actualicen o prezo establecido nos contratos de subministración de leite para que este cubra os custos de produción segundo establece a Lei da cadea.
- c. Poña en marcha unha medidas de apoio financeiro ás explotacións de vacún de leite que inclúa unha liña de refinanciamento de pasivos e outra de apoio a circulante.
- d. Axilice o pagamento dos anticipos das axudas da Política Agrícola Común.
- e. Reduza a carga que para as explotacións de vacún de leite supoñen os tributos autonómicos.
- f. Incremente, ata o máximo permitido, a porcentaxe coa que contribúe á subvención da contratación de seguros agrarios.
- g. Incremente a partida orzamentaria das axudas para paliar os danos da fauna salvaxe (especialmente no referido aos danos do xabaril aos cultivos), así como o importe unitario e o límite por explotación.
- h. Mellore a xestión da poboación de xabaril para reducir os ataques nas comarcas onde a presión da especie é excesiva.
- i. Priorice os produtos lácteos de orixe galega nas compras públicas (hospitais, residencias, centros escolares, etc).
- j. A que habilite fórmulas que permitan acabar co diferencial negativo do prezo en orixe do leite en Galicia respecto do prezo medio estatal e do doutras comunidades autónomas produtoras.
- k. Potenciar a comercialización de base cooperativa que logre que a axuda aos movementos cooperativos, que tanta importancia tiveron historicamente en Galicia e que actualmente encabezan CLUN e Dairy-lac, supoñan unha revalorización na marxe comercial similar á que en Asturias proporciona Central Lechera Asturiana aos seus socios.

O sr. Deibe (PP) considera que a emenda contén aspectos interesantes, pero con todo o grupo vai votar en contra, xa que a Xunta de Galicia está comprometida co sector.

Tras un breve debate sométese a emenda socialista a votación ordinaria, resultando rexeitada, por minoría de 1 voto favorable, 7 votos contrarios (sres. Deibe, Dopico, Freire, Otero, Pérez e Roca, así como a sra. Abeal) e 1 abstención (sr. Boado).

A continuación sométese o asunto a votación ordinaria, resultando aprobada, por maioría absoluta de 7 votos favorables, 1 voto contrario (sra. Cal) e 1 abstención (sr. Boado), a seguinte **moción**:

MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR EN APOIO DO SECTOR LÁCTEO

O Grupo Municipal Popular no Concello de Irixoa de acordo co disposto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais desexa elevar ao Pleno a seguinte Proposta de MOCIÓN:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

En Galicia, o sector lácteo posúe unha importancia transcendental que se estende ao longo do territorio español, xa que destacamos como líderes nacionais tanto en número de gandeiros como en produción de leite.

Poñendo de relevo os datos, na nosa comunidade prodúcese o 40% do leite de toda España e localízanse máis da metade das explotacións lácteas do total nacional. Deste xeito, Galicia produce tanto leite como a suma das seguintes catro comunidades españolas con maior produción —Castela e León, Cataluña, Andalucía e Asturias—. Por outra banda, non debemos esquecer que nos atopamos entre as dez primeiras comunidades en produción de leite de Europa.

Perante a relevancia deste sector, cómpre sinalar que o incremento dos custos de produción das explotacións agrarias —que supón o encarecemento dos cereais e dos legumes destinados á ali-



CONCELLO DE IRIXOA (A CORUÑA)

mentación animal, os combustibles ou a enerxía— dificulta a sustentabilidade económica das gandarías, especialmente as dedicadas á produción de leite.

Neste sentido, o compromiso da Xunta de Galicia a prol deste eido produtivo amósase no óptimo desenvolvemento da Estratexia de dinamización do sector lácteo de Galicia, cunha aposta firme por consolidar unha relación equilibrada entre gandeiros, industria e distribución, para que o valor xerado se reparta de xeito harmónico ao longo da cadea láctea. Esta estratexia ten como obxectivo principal consolidar Galicia como unha das principais rexións lácteas de Europa, cun alto nivel de competitividade, sustentabilidade e capacidade de resiliencia.

É máis, é preciso referirse á necesidade contemplada na medida 1.2.1 da Estratexia, de abordar unha reforma lexislativa ambiciosa que permita aumentar a base territorial das explotacións gandeiras como instrumento redutor dos custos de alimentación. Cumprindo esta medida aprobouse o pasado mes de maio a Lei de recuperación da terra agraria, que entre outros obxectivos promove coa ferramenta dos polígonos agrogandeiros os procesos de reestruturación parcelaria e a ordenación de usos nas zonas de produción leiteira.

Precisamente, en relación con este tema, a Consellería do Medio Rural deu a coñecer un informe sobre a Manifestación de Interese de proxectos autonómicos, que constata a gran demanda de base territorial que teñen os nosos gandeiros. De feito, das máis de 13.200 hectáreas xeolocalizadas para orientación produtiva gandeira, o 94% correspóndese co sector bovino, o que demostra o peso que ten o vacún na nosa comunidade e especialmente o lácteo.

Nesta liña, cómpre salientar a importancia que posúen as axudas destinadas aos investimentos en explotacións agrarias, coñecidas como “plans de mellora”, así como para a incorporación de mozos ou para a instalación de pequenas explotacións, liñas que superan nos orzamentos para o vindeiro ano 2022 os 76 millóns de euros.

A estas liñas de actuación, súmanse as accións formativas especializadas en xestión empresarial para os gandeiros (Gandeiros 20-30), e a posta en marcha dunha aplicación para que os gandeiros poidan calcular os seus custos de produción.

Esta aplicación web gratuíta, denominada “Conta Láctea”, foi oficialmente presentada o pasado mes de agosto co obxecto de promover unha contabilidade rigorosa nas explotacións lácteas galegas. De carácter certamente intuitivo, esta aplicación respecta escrupulosamente a normativa contable española, e permite obter a conta da explotación e o custo de produción por cada litro de leite, entre outras funcionalidades.

Esta iniciativa, como as enmarcadas na citada Estratexia, responden á necesidade de fortalecer a profesionalización do sector, mellorar a súa rendibilidade e defender a calidade dos nosos produtos lácteos por medio de ferramentas prácticas e verdadeiramente efectivas na práctica, sobre todo nun contexto como o actual, de reestruturación do modelo produtivo cara explotacións máis eficientes e rendibles. Neste respecto, é preciso dar un paso máis na consolidación desta ferramenta e capacitala de validez desde o propio Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación (MAPA), acreditando os custos de produción dos gandeiros ante os primeiros compradores do leite e facilitando, canto sexa posible, o desenvolvemento da súa actividade nas mellores condicións.

En consideración de todo o exposto ata o momento, a posta en funcionamento do Observatorio do Sector Lácteo de Galicia é outra proba de que a Estratexia sectorial deste importantísimo eido produtivo está a dar os seus froitos. Este atópase seguindo os trámite previos ao decreto que o regulará, co obxecto de darlle un pulo á produción e á transformación do leite en Galicia.

Porén, a clave final é que o consumidor final perciba todo o traballo que leva consigo a produción láctea galega e a garantía de que o noso leite responde aos maiores estándares internacionais de calidade, benestar animal e seguridade alimentaria. Neste senso a estratexia do sector lácteo apos-



CONCELLO DE IRIXOA (A CORUÑA)

ta pola diversificación da produción dos nosos gandeiros coa marca de “Leite de Pastoreo de Galicia”.

Así mesmo, o recoñecemento pola estratexia da calidade do noso lácteo ten acollemento baixo a marca de garantía “Galega 100%” que será a panca de promoción de todo o noso sector lácteo.

Por todo o exposto, o Grupo Municipal Popular no concello de Irixoa, presenta a seguinte PROPOSTA DE ACORDOS:

1.- O concello de Irixoa insta ao Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación a adopción das medidas oportunas para:

a) Habilitar mecanismos que garantan o cumprimento da disposición contida no artigo 12 ter da Lei da Cadea alimentaria, actualmente en tramitación, para acadar o obxectivo de que todos os elos da cadea de valor láctea cobren polo seu produto un prezo que cubra, alo menos, os seus custos de produción. E que esta exigencia se contemple de xeito particular no caso dos gandeiros, por ser o elo máis feble da cadea.

b) O cumprimento da solicitude realizada pola Consellería do Medio Rural da Xunta de Galicia para que no texto final da Lei da cadea alimentaria se recollan as medidas ou modificacións que sexan necesarias para o recoñecemento dos resultados económicos da “Conta láctea” ou outras aplicacións oficiais, como forma de acreditación do custo efectivo de produción.

c) Levar a cabo as modificacións na lexislación estatal demandadas pola Consellería do Medio Rural da Xunta de Galicia para facilitar a constitución de organizacións de produtores lácteos axeitadas ao tamaño das explotacións galegas como mecanismo para o fortalecemento da capacidade de negociación dos nosos gandeiros.

2.- O Concello de Irixoa insta á Xunta de Galicia a impulsar, coa cooperación de todas as administracións públicas, unha campaña de concienciación dirixida ao consumidor final sobre o papel esencial do sector primario no aprovisionamento de alimentos de calidade, en particular, o papel dos gandeiros e dos produtos lácteos.

3.- O Concello de Irixoa insta á Xunta de Galicia a reforzar a promoción dos produtos lácteos galegos incidindo en aspectos como a seguridade alimentaria, o benestar animal das nosas explotacións e a diversificación da súa produción, coa implantación de marcas de garantía como Galega 100% e Leite de pastoreo de Galicia.

4.- O Concello de Irixoa insta á Xunta de Galicia a apoiar a demanda de base territorial dos nosos gandeiros como mecanismo de redución dos custos de alimentación dándolle prioridade na licitación de polígonos agrogandeiros de carácter público.

5.- O Concello de Irixoa insta á Xunta de Galicia a axilizar a tramitación para a constitución do Observatorio Lácteo Galego previsto na Estratexia do sector lácteo, como instrumento que permita acadar unha mellor estrutura sectorial para analizar e avanzar nas cuestións que afectan a este eido produtivo, de xeito particular a mellora da interlocución e a transparencia entre os diferentes elos da cadea.

7. ROGOS. Na quenda de rogos realízanse os seguintes pola sra. Cal (PSdeG-PSOE):

1. Roga que se cambie o espello de tráfico na saída nas Lamas (Churío), que está roto.

Contesta o sr. Deibe (PP) que se vai reponer, pero haberá que ver se hai existencias ou hai que pedir máis.



CONCELLO DE IRIXOA (A CORUÑA)

2. Roga que se instale outro espello de tráfico na entrada á estrada xeral de Churío e Coruxou desde a estrada autonómica AC-151, xa que a visibilidade é case nula e dá problemas cando se cruzan 2 coches.

Contesta o sr. Deibe (PP) que se estudará o lugar máis indicado para a colocación, e reitera a contestación anterior.

O sr. Boado (BNG) indica que en tema de espellos el leva esperando anos a reposición dun espello solicitada en Lousada.

8. PREGUNTAS. Na quenda de preguntas fórmulanse as seguintes:

1. O sr. Boado (BNG) indica que hai un problema de aguante do peso dos camións, na obra realizada en Lousada de Arriba, xa que a tapa de fundición dun rexistro parece pouco reforzada e o terreo é insuficiente ou pouco consolidado. Pregunta se ten pensado o concello adoptar medidas de seguridade para ese tránsito pesado.

Contesta o sr. Otero (PP) que a tapa pode resistir o peso de camións, aínda que logo de aglomerar non será necesario pasar por encima, e a seguridade mellorará moito co novo firme.

2. A sra. Cal (PSdeG-PSOE) pregunta se o concello ten proxectos de ampliación da rede de saneamento.

Contesta o sr. Deibe (PP) que a Asociación de Veciños as Xielas de Churío presentou un escrito solicitando a ampliación na parroquia de Churío, pero que se lle contestou que o saneamento irase ampliando paulatinamente, pero con preferencia das zonas máis poboadas.

No debate subseguinte trátase da necesidade de instalación de bombas de augas residuais en certas zonas baixas, coa dúbida sobre a durabilidade destas máquinas, a opción de implantar minidepuradoras para zonas pequenas e situación topográfica desfavorable, a situación delicada da depuradora da Viña (con posible sanción por mal funcionamento), ampliándose o debate á mala utilización dos servizos de saneamento e recollida de lixo por parte dos usuarios (vertidos inadecuados, mala práctica na recollida selectiva do lixo, etc.).

Sendo as catorce horas e dezaseis minutos, e non habendo máis asuntos que tratar, a Presidencia levanta a sesión da cal eu, Secretario, estendo a presente acta coa que dou fe da mesma.

O SECRETARIO

Visto e prace
O ALCALDE